

A GANDERÍA, APICULTURA, E EXPLOTACIÓN FORESTAL.

1 - Características xerais:

A gandería tradicional estaba baseada na coexistencia de distintas especies gandeiras, na cría de razas autóctonas, na utilización de técnicas atrasadas, e nos baixos rendementos.

A gandería actual experimentou importantes transformacións que lle permitiron incrementar rendementos.

As transformacións máis importantes foron:

- **A especialización** na produción de carne ou leite. Para elo as razas autóctonas foron substituídas por razas estranxeiras e as razas mixtas, que se usaban tanto para a produción de carne coma de leite, case desapareceron. A progresiva desaparición das razas autóctonas motivou que a PAC optara por protexelas mediante subvencións.
- **A utilización progresiva da técnica** como o emprego de muxidoiras mecánicas, e o estudo científico da alimentación do gando.
- **O aumento** do tamaño das **explotacións** e do **número de cabezas** por explotación.
- **A gandería intensiva gaña peso respecto á extensiva.** A gandería extensiva depende do medio físico e vai asociada a razas autóctonas e técnicas de traballo tradicionais. Na actualidade evoluciona cara unha gandería mixta ou intensiva. A gandería intensiva ou industrial está desvinculada do medio físico, estabulada, e vai asociada a razas estranxeiras. Está alimentada con pensos e forraxes importados cuxos prezos experimentaron fortes subidas.

A produción gandeira aumentou a súa participación na produción agraria debido ós cambios alimentarios e ó aumento do nivel de vida.

As comunidades con máis produción gandeira son Galicia, Asturias, Cantabria, e Cataluña.

Os cambios nas razas débense a necesidade de competir no mercado e as esixencias da **PAC**.

2 - A gandería bovina.

A gandería bovina: dedícase principalmente a produción de carne e leite.

O **gando destinado a carne** prodúcese en réxime extensivo nas montañas e nas devesas occidentais e en réxime intensivo cerca do núcleos urbanos ou en zonas con abundancia de forraxes.

O **gando destinado a leite** localízase en réxime mixto nas zonas de bos pastos ou bos forraxes e en réxime intensivo cerca das cidades.

Os principais problemas ós que se enfronta a gandería bovina son que a produción de carne está sometida á competencia da carne de porco e polo que é máis barata, e que a produción de leite ten a competencia doutros países comunitarios que producen máis barato.

A política da PAC é manter a axuda ligada á produción no caso das vacas nutricia e do sacrificio de tenreiros, e impor cotas para a produción de leite ou estimular o abandono desta actividade. Como consecuencia parte do sector estase reconvertendo cara o bovino de carne.

3 - A gandería ovina.

A gandería ovina destínase á produción de carne e leite, e moi secundariamente a de la. Localízase sobre todo nos secaños do interior peninsular. Desenvólvese en réxime extensivo aínda que o réxime intensivo de ceba de anos e muxidoira estase a incrementar. Para a produción de carne destínanse as razas autóctonas, e para produción de leite razas estranxeiras.

Actualmente a produción de leite para queixos estase a incrementar pola alta demanda e o pastoreo extensivo perde importancia pola falta de pastores.

A PAC concede subvencións ó gando ovino extensivo para evitar o abandono desta actividade.

4 - A gandería porcina.

A gandería porcina dedícase parte ó consumo fresco e parte á elaboración de embutidos. O porcino extensivo está baseado en razas autóctonas de calidade e localízase nas devesas de Estremadura, Zamora, Salamanca, e Andalucía. O porcino intensivo predomina en Cataluña e Murcia.

Actualmente a produción de porcino aumentou debido á maior demanda pero enfróntase cos excedentes mundiais.

A PAC só concede axudas á exportación.

5 - A gandería avícola.

A gandería avícola destínase á produción de carne e ovos. A produción en réxime intensivo localízase en Galicia, Cataluña, Castela, e Aragón. Os galiñeiros en réxime extensivo son aínda moi reducidos. A produción de carne é inferior ó consumo polo que se necesita importar.

A produción de ovos permite exportar, pero o seu prezo aumentou considerablemente no último ano debido ó **cambio de normativa da PAC** que obriga a aumentar o espazo por animal nas granxas intensivas.

A PAC: da axudas á exportación de carne e de ovos, e á retirada de carne do mercado para evitar a caída dos prezos.

A APICULTURA:

Dedícase a obtención de mel e cera, produtos que teñen unha boa tendencia comercial. Galicia ten unha mel de gran calidade ca cualificación de “indicación xeográfica protexida”.

A EXPLOTACIÓN FORESTAL.

A produción madeireira destaca sobre todo nos bosques atlánticos, nas cordilleiras Ibérica e Central, e no sudoeste peninsular.

A madeira emprégase sobre todo na fabricación de mobiliario, na construción, e na fabricación de papel.

A súa **produción** aumentou pola expansión de especies de rápido crecemento como o piñeiro e o eucalipto. Pero aínda así a súa produción é deficitaria e necesitamos importar o 25% da madeira consumida.

A resina utilízase como materia prima para pinturas e colas. **A cortiza** obtense das sobreiras de Andalucía, Estremadura, e Cataluña e utilízase para tapóns e illantes. Exportase a toda Europa en dura competencia con Portugal. Tanto a resina como a cortiza enfróntanse ca competencia dos produtos sintéticos.

A PAC e o Plan Forestal Español fomentan as repoboacións e a dedicación forestal das terras que non son competitivas para o uso agrícola co obxectivo de incrementar a produción de madeira, e de fomentar outros usos do bosque como os recreativos e os ambientais. Pero estes plans enfróntanse á problemática dos incendios, da presión urbanística, e de que moitas destas especies de repoboación non son axeitadas ó medio natural no que se introducen, caso dos eucaliptos e piñeiros en Galicia.

AS INSTITUCIÓNS EUROPEAS QUE REGULAN OS MERCADOS AGRARIOS EUROPEOS.

FEOGA: “Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria”. Encargouse ata o 2006 de financiar os gastos da PAC.

FEAGA: “Fondo Europeo Agrícola de Garantía”. Dende 2006 encargase de financiar as intervencións para regular os mercados, das axudas directas ós agricultores e gandeiros, da promoción dos produtos agrarios europeos, e das axudas á diversificación da produción.

FEADER: “Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural” que se ocupa do aumento da competitividade agraria, da mellora do medio ambiente rural, e da diversificación económica e a calidade de vida.

AS PAISAXES AGRARIAS DE ESPAÑA.

Polo texto de **Vicens Vives** páxinas 98 a 103.